



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

**Orquestra da
Universidade de
Santiago de Compostela**

DOM 12 NOV—12.30 h
Igrexa da Universidade

Mario Diz, director

Pablo Sampedro, narrador

Programa

Sergei Prokofiev (1891-1953)

Pedro e o lobo op. 67 (1936)

Sergio Rodríguez (2000)

*Inferno** (2017)

(Sobre o inferno de Dante da Divina Comedia)

Klaus Martínez (1986)

*A Danza do Gato KMV28** (2017)

Juan Daniel Romero (1989)

*Auga en Movemento** (2017)

Nas profundidades das Illas Cíes

A Fervenza do Ézaro (Dumbría)

Os cantís da Capelada (S. Andrés de Teixido)

*Estrea absoluta. Obras gañadoras do I Premio de Composición Musical da USC

Profesores participantes:

Roberto Santamarina e Antía García, violíns

Blanca Bello, viola

Carlos G. Amigo, violonchelo

Iago Lariño, ventos

Un concerto didáctico familiar e participativo onde a música contemporánea se explica nunha linguaxe natural. A Orquestra ofrece unha versión de *Pedro e o lobo*, o conto musical para nenos composto por Sergei Prokofiev, por encargo da directora de teatro infantil Natalia Saz e coa intención de permitir que o público máis novo descubrixe os instrumentos orquestrais. Así xurdiu unha peza na que cada personaxe está representado por un instrumento da orquestra e un tema musical, de xeito que, cada vez que aparece unha melodía ou un instrumento se identifican co seu correspondente protagonista. A música debuxa por medio dos instrumentos, as diferentes personalidades, -como o canto dun pato no son dun óboe, ou os timbais que describen os disparos dos cazadores- e ilustra o que o narrador -hoxe Pablo Sampedro- conta a través de cores, ritmos, harmonías máis ou menos sinistras, sen esquecer certas onomatopeas en determinados momentos. Ademais, Prokofiev teceu unha trama de fina ironía e baixo cada personaxe escondeu un símbolo da sociedade: o avó é a autoridade; o neno, a ousadía e a inconsciencia fronte ao perigo; o paxaro, a heroicidade; o pato, a burguesía e a covardía; o lobo, a perversidade; os cazadores, a forza do mundo adulto ben armado pero bastante incapaz...

O resto do programa xorde do concurso para a estrea de composicións realizadas por novos autores ou estudantes desta modalidade. Auspiciado polo director da agrupación e compositor Mario Diz e coa inestimable colaboración do compositor Fernando Buide, este ano foi convocado o I Premio de Composición Musical da USC, que ofrece como premio a estrea das obras seleccionadas dentro destas Xornadas, ademais dunha sesión de ensaios aberta ao público cos premiados e a gravación das pezas. O obxectivo é as persoas seleccionadas poidan compartir experiencias, comentarios e consellos de recoñecidos mestres.

Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela

Nos seus inicios, a orquestra do Espazo de Cámara nace co obxectivo de difundir entre o público universitario e, por extensión na cidadanía de Compostela, un proxecto educativo e cultural onde o eixo fundamental é a música. Co patrocinio da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, o grupo que conforma a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Mario Diz, procura de xeito prioritario a formación musical dos seus membros que, semana tras semana, adquiren un maior compromiso co estudo e a difusión dos valores da música. Para este fin, conta e agradece todo tipo de colaboracións, que se van plasmando de formas diversas en cada proxecto. Desde 2010 a Orquestra da Universidade profundou en proxectos tan ilusionantes como o aniversario de Debussy co *Concerto de Arpa e Orquestra* do autor, interpretado pola solista Reis Gómez especialmente invitada para este evento, ou o *Concerto de violonchelo en re maior de Haydn*, interpretado por Carlos G. Amigo. Tamén o monográfico sobre Astor Piazzolla, o monográfico sobre a música galega no que o solista Gregori Nedobora interpretou o concerto do violinista galego Manuel Quiroga. Na tempada 2014-15 interpretou xunto ao coro vigués Gli Apassionati o *Magnificat* de J.S. Bach e o *Gloria* de Vivaldi. En colaboración co Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela realizou tamén unha versión do musical *Sweeney Todd* de Stephen Sondheim. A Orquestra participou nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela desde o seu inicio xunto a Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia como unha das tres orquestras convidadas. Incorpóranse ao proxecto

diversos profesores da Real Filharmonía de Galicia, así como profesores relevantes do ámbito musical galego. A Orquestra da USC foi incluída recentemente na rede de Orquestras Universitarias Europeas, ENUO, onde participan orquestras de máis de 28 nacionalidades de toda Europa.

Mario Diz

Desde 2010 é director do Espazo de Cámara da USC, proxecto que vincula aos estudantes universitarios con formación musical a través de diferentes actividades relacionadas coa mesma e que toma como eixo central a práctica orquestral. Discípulo do mestre Antón García Abril no ámbito da composición, exerce desde os últimos anos unha intensa actividade compositiva para diferentes agrupacións musicais profesionais e didácticas, entre as que cómpre destacar varias estreas absolutas nos últimos dous ciclos das Xornadas de Música Contemporánea e o encargo de tres pezas para banda por parte da Banda Municipal de Santiago de Compostela. Compuxo diferentes obras para multitude de formacións de música de cámara nas que ten unha mención especial a estrea e gravación por parte da laureada cantante Nuria Lorenzo do ciclo de cancións de berce *Tódolos nenos soñan*, para viola, arpa e mezzosoprano. É membro do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela onde exerce como profesor de violín e viola. A súa paixón pola didáctica destes instrumentos reflíctese na súa recente publicación do libro *O meu primeiro violín* para iniciación ao violín en idades temperás, e en numerosos estudos comparados sobre as diferentes metodoloxías do ensino de corda friccionada.



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017 MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Últimos concertos

NOVEMBRO

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director
Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h
Auditorio de Galicia — Sala Mozart

NICASIO GRADAILLE, piano

Sáb 18—20.30 h — CGAC

MANUEL BLANCO, trompeta

KARINA AZIZOVA, piano
Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS

ALICIA AMO, soprano
Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Deputación
DA CORUÑA